FISCALIZACIÓN A POSTERIORI DOS RECURSOS PROPIOS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL E DOS RECURSOS DOUTROS ENTES PÚBLICOS CUXA XESTIÓN FOI DELEGADA NESTA DEPUTACIÓN, CORRESPONDENTES AO EXERCICIO 2021

- ***Resolución 45329/2018, de 26 de decembro, pola que se aproba a nova redacción da circular para a substitución da fiscalización previa de dereitos pola toma de razón en contabilidade e actuacións comprobatorias posteriores.***

- ***Informe de Intervención***.

  - ***Recursos propios***.
  - Recursos doutros entes:
    - ***Imposto sobre bens inmobles (IBI)***.
    - ***Imposto sobre actividades económicas (IAE)***.
    - ***Imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana (IIVTNU)***.
    - ***Imposto sobre vehículos de tracción mecánica (IVTM)***.
    - ***Baixas por insolvencia e derivacións de responsabilidade***.
    - ***Sancións municipais de tráfico***.
    - ***Taxas e outros expedientes derivados de tributos municipais***.

- ***Ditame da Comisión de Economía, Facenda, Especial de Contas, Persoal e Réxime Interior***.

- ***Certificado do acordo plenario***.

DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

INTERVENCION XERAL
SERVIZO DE FISCALIZACIÓN E CONTROL FINANCEIRO
SECCIÓN DE CONTROL II
NEGOCIADO DE CONTROL DE INGRESOS

RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA A NOVA REDACCIÓN DA CIRCULAR PARA A SUBSTITUCIÓN DA FISCALIZACIÓN PREVIA DE DEREITOS POLA TOMA DE RAZÓN EN CONTABILIDADE E ACTUACIÓNS COMPROBATORIAS POSTERIORES

Don Valentín González Formoso, Presidente da Deputación Provincial da Coruña

I) ANTECEDENTES:

Mediante informe desta Intervención Xeral de data 26/12/2018 propúxose a nova redacción da circular para a substitución da fiscalización previa de dereitos pola toma de razón en contabilidade e actuacións comprobatorias posteriores.

II) NORMATIVA APLICABLE:

- Disposición adicional segunda do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP), aprobado pola Lei 7/2007, de 12 de abril
- Artigo 219 do Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLHL), aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo
- Real decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do sector público local
- Real decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración local coa habilitación de carácter nacional
- As normas de auditoría do sector público, aprobadas pola Intervención Xeral do Estado
- Ordenanza fiscal xeneral
- Bases de Execución do Orzamento do exercicio 2019
- Bases para a prestación dos servizos tributarios aos Concellos da provincia
- Bases para a prestación de servizos en materia de sanción por infracción das normas sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial
- Bases para a prestación de servizos en materia de sancións por infracción das normas sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade viaria e da taxa pola utilización privativa ou aproveitamentos especiais aos concellos que non teñan delegada a xestión tributaria e a recadación dos impostos municipais obrigatorios
- Resolución da presidencia nº 7157/2002, do 14 de maio, pola que se aproban as normas para a recadación de taxas, prezos públicos e outros ingresos municipais de dereito público
- Resolución da presidencia nº 514/2003, do 23 de xaneiro, pola que se establecen as normas de procedemento para a recadación de sancións de tráfico
- Circular sobre normas para operacións con valores, aprobada mediante a Resolución da presidencia nº 26912/2018 de 13 de agosto

Visto o informe da Intervención Xeral,

RESOLVO:

Aprobar a nova redacción da circular para a substitución da fiscalización previa de dereitos pola toma de razón en contabilidade e actuacións comprobatorias posteriores, que queda redactada do seguinte xeito:

DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

INTERVENCION XERAL
SERVIZO DE FISCALIZACIÓN E CONTROL FINANCEIRO
SECCIÓN DE CONTROL II
NEGOCIADO DE CONTROL DE INGRESOS

"Circular para a substitución da fiscalización previa de dereitos pola toma de razón en contabilidade e actuacións comprobatorias posteriores

PRIMEIRO: Obxecto e ámbito de aplicación.

É obxecto da presente circular a definición dos actos susceptibles de fiscalización, supostos en que procede a substitución da fiscalización previa de dereitos pola fiscalización "a posteriori" e as actuacións comprobatorias a realizar en cada caso.

Así mesmo, e en canto ao ámbito de aplicación, este comprende tanto os recursos propios da Deputación Provincial como todos aqueles nos que, por delegación doutros Entes Públicos, a Deputación realiza actos de xestión de dereitos, de acordo co alcance previsto nos correspondentes Acordos de delegación, en función das Bases aprobadas polo Pleno da Deputación para a dita delegación.

O control financeiro de ingresos terá por obxecto analizar a actuación económico-financeira dos servizos xestores, para:

1º) Comprobar a adecuación dos devanditos servizos ás disposicións e directrices que os rexen, mediante o exame daqueles aspectos que non fosen obxecto de fiscalización na fase previa da función interventora.

2º) Comprobar a adecuación no seu funcionamento económico-financeiro aos principios de eficiencia e boa xestión.

Non serán obxecto de fiscalización, en ningunha das súas modalidades, os actos de xestión administrativa e cobranza das multas que resulten da aplicación do procedemento sancionador abreviado a que se refire o artigo 80 da Lei 18/2009, de 23 de novembro, pola que se modifica o texto articulado da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a motor e Seguridade Viaria, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 339/1990, de 2 de marzo, en materia sancionadora.

Fiscalizarase a posteriori o procedemento sancionador ordinario recollido no artigo 81 do Real Decreto Lexislativo 339/1990 anteriormente citado. Consistirá en comprobar que a sanción notificada pola Unidade de Instrución de Sancións Municipais de Tráfico correspóndese co boletín de denuncia inicial formulado polo axente da policía local.

***SEGUNDO: Normativa aplicable**.*

As actuacións de control financeiro desenvolveranse na área de Ingresos, de acordo coa seguinte normativa de aplicación:

a) Artigo 219.4 do Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLHL), aprobado mediante o Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

b) Real decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do sector público local.

c) Real decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración local coa habilitación de carácter nacional)

d) As normas de auditoría do Sector Público, aprobadas mediante a Resolución de 14 de febreiro de 1997 da Intervención Xeral do Estado (BOE nº 234 de 30 de setembro de 1998).

e) A presente circular e a Circular sobre normas para operacións con valores, aprobada mediante a Resolución da Presidencia número 26912/2018, de 13 de agosto.e) no que resulten de aplicación, as circulares e demais instrucións e criterios aprobadas pola Intervención Xeral do Estado sobre a materia obxecto de regulación.

f) As Bases para a prestación dos Servizos Tributarios aos Concellos da Provincia aprobadas en Sesión Plenaria de 22 de decembro de 2017 e publicadas no BOP número 214 de 9 de novembro de 2018.

TERCEIRO: Expedientes obxecto de fiscalización e actuacións comprobatorias a realizar.

Serán expedientes obxecto de fiscalización os que afecten á xestión de recursos propios e doutros Entes Públicos. Particularmente poden definirse os seguintes tipos coas actuacións comprobatorias que se consideran necesarias en cada caso:

***A) Recoñecemento e liquidación de dereitos**.*

Neste suposto distínguense as seguintes modalidades:

a) Contraído previo, ingreso directo.
b) Contraído previo, ingreso por recibo.
c) Autoliquidacións.
d) Contraído simultáneo.

As liquidacións practicadas no período mediante a aplicación de xestión tributaria recóllense nun ficheiro informático para a súa lectura e tratamento automatizado pola aplicación contable. Estes cargos son obxecto dunha revisión previa para comprobar que os importes a contabilizar para cada concepto se corresponden coas resolucións aprobatorias destas liquidacións.

Nos actos de recoñecemento e liquidación de dereitos substituirase a fiscalización previa pola súa toma de razón en contabilidade e a realización de actuacións comprobatorias posteriores.

A este respecto comprobaranse os seguintes extremos:

1. *Que os dereitos económicos son recoñecidos e liquidados polo órgano competente.*
2. *Que se produciu o seu recoñecemento e liquidación de acordo coas normas en cada caso aplicables.*

B) Ingresos realizados.

As cobranzas relativas a dereitos de contraído previo ou simultáneo realizaranse nas entidades colaboradoras, nas contas operativas e nas restrinxidas cuxo saldo acumulado en cada período traspásase ás operativas.

Nos ingresos destas contas diferéncianse as correspondentes a liquidacións practicadas pola aplicación de xestión tributaria das que non o foron. As primeiras recóllense nun ficheiro informático para a súa lectura e tratamento automatizado pola aplicación contable. As restantes son obxecto de imputación directa ao concepto contable que corresponda si se determinou o mesmo. Aqueles ingresos nos que non se poida coñecer nun primeiro momento o concepto ao que imputar, contabilízanse a un concepto non orzamentario de ingresos pendentes de aplicar para posteriormente, unha vez identificados, pasar a formalizar contablemente.

No caso de reintegro de cantidades percibidas indebidamente ou de calquera outro ingreso de dereito público dos previstos na Resolución da Presidencia número 6007/2011, de 1 de abril, modificada pola Resolución número 5071/2013, de 6 de agosto, seguirase o procedemento establecido na mesma para a práctica da autoliquidación correspondente.

***C) Anulación de liquidacións**.*

Neste tipo de expedientes deben distinguirse dous supostos:

1º) Anulacións que derivan de procedementos de revisión de oficio.

As anulacións practicadas no período mediante a aplicación de xestión tributaria recóllense nun ficheiro informático para a súa lectura e tratamento automatizado pola aplicación contable. Estas baixas ou datas son obxecto dunha revisión previa para comprobar que os importes a contabilizar para cada concepto se corresponden coas resolucións aprobatorias destas anulacións.

Neste caso e en substitución da fiscalización previa, ditas anulacións serán obxecto de toma de razón en contabilidade, producíndose as actuacións comprobatorias posteriores correspondentes co fin de verificar:

- *Que o procedemento seguido é acorde coa normativa xeral e/ou específica de aplicación.*
- *Que a liquidación é efectivamente incorrecta e procede a súa anulación.*
- *Que dita anulación foi aprobada por órgano competente.*
- *Que a liquidación anulada, no caso das taxas e prezos públicos xestionados polos concellos, é obxecto de data polo Servizo de Recadación e que esta se xustifica coa fotocopia da Resolución ou Acordo do órgano competente.*

2º) Anulacións que derivan de procedementos de revisión a instancia do interesado.

Serán obxecto de fiscalización a posteriori, efectuándose as mesmas comprobacións previstas no apartado anterior.

***D) Devolución de ingresos indebidos e duplicados**.*

Os expedientes que tramiten devolucións de ingresos indebidos ou duplicados e de cancelación de débedas tributarias mediante compensación serán obxecto de fiscalización a posteriori (salvo os tramitados pola Sección de Revisión do Servizo de Recadación), debendo comprobarse os

seguintes extremos:

a) Que a resolución foi ditada polo órgano competente.

b) Que a imputación, sexa orzamentaria ou non ou á área de recursos doutros Entes Públicos, se realiza adecuadamente.

c) Que o recoñecemento do dereito á devolución se efectuou de acordo coa normativa vixente, tanto en relación ao procedemento como á procedencia da mesma.

d) Que o ingreso efectivamente se realizou, contabilizou e non foi obxecto de devolución anterior.

e) Que o pago se realizou a perceptor lexítimo e pola contía debida.

f) Que se inclúen os intereses de demora a que haxa lugar.

E) Declaración de créditos incobrables e derivación de responsabilidade.

A súa fiscalización desenvolverase, de acordo cos seguintes criterios:

1) Os expedientes de declaración de créditos incobrables serán obxecto de control posterior no que se procederá a fiscalizar as actuacións encamiñadas a determinar a legalidade e adecuación das xestións de cobranza en vía de constrinximento referidas ás declaracións de insolvencia, mediante o exame dos documentos achegados no expediente, dos cales deberá deducirse a ausencia de garantías realizables a favor da Facenda Pública e a inexistencia de bens embargables do debedor principal e dos responsables solidarios.

En todo caso se aplicarán os criterios sinalados na circular nº 2/91 da Intervención Xeral da Administración do Estado, sobre actuacións comprobatorias posteriores das declaracións de créditos incobrables para todos aqueles que formen parte dun expediente executivo cuxo importe acumulado sexa superior a dez euros. Os expedientes que non superen ese importe e cando transcorra polo menos un ano desde o comezo do período executivo, serán revisados posteriormente mediante a comprobación de que contén a xustificación de:

1. *Notificación válida do providencia de constrinximento.*
2. *Embargo das devolucións de ingresos por conceptos tributarios ou, en caso contrario, certificación de non figurar o debedor como beneficiario de ningunha devolución.*
3. *Realización da garantía das débedas e aplicación ao crédito garantido ou acreditación da súa inexistencia.*
4. *Embargo de efectivo en conta ou acreditación de que non se lle coñecen outras contas.*

Nos expedientes cuxo importe sexa superior a seis euros e inferior ou igual á contía arriba expresada, comprobarase adicionalmente que conteñen a xustificación de embargo de salarios e, na súa falta, acreditación de que non se lle coñecen rendas do traballo.

No caso de que o titular dos créditos a declarar incobrables sexa outro ente distinto ao da Deputación, declararase baixa provisional ata o momento en que se produza unha posible rehabilitación ou a súa baixa definitiva. Unha vez producida a declaración provisional, darase conta da mesma ao titular dos créditos para os efectos oportunos.

2) Os expedientes de derivación de responsabilidade tributaria serán obxecto de control posterior no que se procederá a fiscalizar que o debedor principal foi declarado insolvente e que o derivado reúne os requisitos legalmente establecidos para ser o destinatario das actuacións recadatorias.

F) Prescrición.

Os expedientes de prescrición serán obxecto de control previo no que se comprobará a efectiva existencia da mesma á vista dos informes e documentación incorporados ao expediente que deberán expresar os motivos que orixinaron dita prescrición.

***G) Reposición a voluntaria**.*

Deberá comprobarse a posteriori:

1º) A simultaneidade e concordancia co cargo polo mesmo motivo.

2º) Que se produciu resolución ou acordo do órgano competente e que a reposición obedece a causas contempladas ou amparadas na normativa vixente.

H) Aprazamento ou fraccionamento de pago.

Serán obxecto de control posterior mediante unha selección dunha mostra dos expedientes que a pedimento do interesado, resolva a Deputación por aprazamento ou fraccionamento de pago, tanto si se refiren a recursos propios como a recursos doutros entes públicos, comprobándose que o acordo foi adoptado polo órgano competente e se axustou á normativa aplicable e particularmente no suposto de dispensa de garantías.

***I) Outros motivos de data**.*

Neste apartado contémplanse aqueloutros motivos codificados na Resolución da Presidencia número 26912/2018 de 13 de agosto, e que non foron obxecto dunha análise individualizada, e aqueloutros motivos que se determinen en función das necesidades de información e control.

Serán obxecto de control posterior, verificándose si as datas se axustan aos motivos preestablecidos e non se produce incumprimento de normas xerais ou específicas que sexan de aplicación.

***J) Procedementos de Inspección Tributaria**.*

A fiscalización previa destes expedientes será substituída pola toma de razón en contabilidade de todos os actos de recoñecemento e liquidación de dereitos que se deriven das actuacións desenvolvidas para o efecto polo Servizo de Inspección, procedéndose á fiscalización posterior

dos expedientes.

Os expedientes relativos aos distintos tipos de Actas de Inspección serán obxecto das comprobacións posteriores, nas que se porá de manifesto tanto na adecuación do procedemento seguido, como no resultado das actuacións inspectoras, a adecuación á normativa de aplicación, incluíndo así mesmo as comprobacións necesarias en orde aos dereitos recoñecidos e liquidados de acordo co previsto na letra A) do presente apartado.

***K) Beneficios fiscais**.*

Os expedientes que teñan por obxecto a concesión ou denegación de exencións, bonificacións e beneficios fiscais en xeral, serán obxecto de fiscalización posterior aplicándose, no seu caso, procedementos de mostraxe.

Excepciónase do previsto no apartado anterior para continuar sendo obxecto de fiscalización previa pero mediante a selección dunha mostra, os expedientes de beneficios fiscais polos servizos prestados polo Conservatorio profesional de danza e o Centro residencial Calvo Sotelo.

Non serán obxecto de fiscalización, en ningunha das súas modalidades, a redución do importe da sanción de multa que resulte da aplicación do procedemento sancionador abreviado a que se refire o artigo 80 da Lei 18/2009, de 23 de novembro, pola que se modifica o texto articulado da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a motor e Seguridade Viaria, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 339/1990, de 2 de marzo, en materia sancionadora.

L) Procedementos de revisión en vía administrativa.

Os expedientes relativos á revisión administrativa dos actos e actuacións de aplicación dos tributos e dos actos de imposición de sancións tributarias serán obxecto de fiscalización posterior, debendo comprobarse os seguintes extremos:

1. *Que é competente para resolver o órgano proposto.*
2. *Que a proposta de resolución é conforme coa normativa vixente, tanto en relación ao procedemento como á procedencia da mesma.*

Como excepción ao apartado anterior, continuarán sendo obxecto de fiscalización previa estes expedientes cando teñan como obxecto actuacións recadatorias.

***CUARTO: Alcance do exame a realizar**.*

O exame a realizar alcanzará a actividade desenvolvida en cada período, segundo se indica a continuación.

Os expedientes a controlar serán obxecto de agregación en función da Unidade Xestora, tipo de expediente e período considerado.

Para estes efectos fanse as seguintes precisións conceptuais:

Unidade Xestora: Unidade administrativa a quen competa acordar o recoñecemento, liquidación, modificación e extinción de dereitos, así como a recadación de ingresos e, no seu caso, a devolución dos mesmos.

Tipo de expediente: Virá determinado pola natureza do dereito.

Tipo de actuación: Virá dado en función da fase do procedemento de xestión obxecto de control, é dicir, nacemento, modificación, ingreso, extinción do dereito, ou ben, devolución de ingresos indebidos.

Para estes efectos terase en conta a codificación de motivos establecida na Resolución do Presidente número 26912/2018 de 13 de agosto e os que en función das necesidades observadas se vaian creando posteriormente.

Período considerado: Dous anos naturais. Aínda que cando as circunstancias o permitan, segundo a apreciación da Intervención, poderase reducir este período a outros máis curtos aínda que sempre serán naturais.

Poderán agruparse varios tipos distintos de expedientes e actuacións cando cada un dos tipos agrupados non teña suficiente entidade e non sexan representativos da actividade desenvolvida no período examinado".

***QUINTO: Determinación dos expedientes a examinar**.*

1) A verificación do cumprimento da legalidade realizarase sobre unha mostra representativa dos actos, documentos ou expedientes orixe do recoñecemento ou liquidación de dereitos.

2) Con carácter xeral, o procedemento de mostraxe a utilizar será a mostraxe aleatoria simple en calquera das súas dúas variantes:

a) Con determinación do tamaño da mostra.
b) Con determinación do período de mostraxe inicial.

Non obstante o anterior, poderán utilizarse procedementos estratificados ou calquera outros procedementos de mostraxe, cando a xuízo da Intervención sexa necesario, en función dos medios dispoñibles e dos obxectivos e alcance perseguidos, debendo garantirse, en todo caso, a aleatoriedade e obxectividade do proceso de selección e a representatividade da mostra.

3) Excepcionalmente, cando o escaso número de expedientes ou o elevado nivel previsible de defectos non aconsellen a utilización de procedementos de mostraxe, o exame poderá alcanzar á totalidade dos expedientes.

Igualmente, e con independencia da mostraxe practicada, poderase realizar o exame de expedientes determinados por razón dos seus especiais características, tramitación ou contía.

A efectos dunha maior sistematización dos expedientes a revisar segundo algún dos procedementos sinalados e mediante a utilización dalgunha das técnicas estatísticas arriba comentadas, incorpórase como anexo a esta resolución unha táboa identificativa dos expedientes a revisar.

SEXTO: Normativa procedimental para a aplicación das técnicas de mostraxe.

1) As actuacións comprobatorias posteriores comezarán no ano seguinte ao segundo exercicio a fiscalizar (ou do período natural correspondente si é menor).

A tal fin, dentro do mes de xaneiro (ou do mes que corresponda) de cada dous anos, a Intervención predeterminará os parámetros necesarios para a actuación mostral, tales como nivel de confianza, precisión e porcentaxe de erro esperado, co fin de delimitar en cada actuación os tamaños de mostra. Os devanditos parámetros estableceranse en función dos resultados da fiscalización dos dous períodos anteriores ao primeiro exercicio a fiscalizar, dependendo do grao de transcendencia do acto a fiscalizar e do risco de existencia de expedientes non conformes.

2) Unha vez seleccionada a mostra, a Intervención dará conta ás Unidades Xestoras da selección producida, e estas deberán pór ao dispor daquela no prazo de quince días a partir da petición efectuada, os expedientes completos que forman parte da devandita mostra. Así mesmo e en aplicación do artigo 222 do TRLHL, a Intervención poderá solicitar das Unidades Xestoras calquera antecedente necesario para o desenvolvemento das actuacións comprobatorias. Salvo que as circunstancias o impidan, as actuacións de control produciranse nas dependencias da Unidade Xestora.

3) Realizadas as comprobacións oportunas naqueles expedientes en que se aparezan defectos, estes faranse constar no informe de fiscalización emitido para o efecto.

SÉTIMO: Documentación das actuacións e informes de fiscalización.

As actuacións realizadas documentaranse en follas de traballo, que serán conservadas nos arquivos da Intervención. Neles quedará constancia, co grao de detalle que se considere necesario, das operacións de comprobación efectuadas e do resultado das mesmas. No caso de que ditas actuacións recollan feitos de especial importancia, acompañarase a oportuna xustificación documental.

Por cada conxunto de actos ou expedientes obxecto de fiscalización dos definidos no apartado terceiro, emitirase un informe no que constará o período de tempo a que se refire a fiscalización. En función da entidade dos mesmos, poderanse agrupar no mesmo informe distintos tipos de expedientes.
O contido dos informes de fiscalización será o seguinte:

- *Limitacións atopadas para o exame.*
- *Alcance do exame efectuado, debendo indicarse si se utilizaron procedementos de mostraxe ou por excepción, si se realizou o exame de todos e cada un dos expedientes.*
- *Procedemento utilizado e proceso de elección de expedientes que integran a mostra.*
- *Relación de expedientes examinados, que forman a mostra seleccionada.*
- *Defectos ou anomalías observadas e expedientes aos que afectan.*
- *Grao de cumprimento da legalidade observado e procedemento seguido para a obtención de conclusións respecto ao conxunto.*
- *Calquera outras observacións ou recomendacións que a xuízo da Intervención considérense relevantes.*

DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

INTERVENCION XERAL
SERVIZO DE FISCALIZACIÓN E CONTROL FINANCEIRO
SECCIÓN DE CONTROL II
NEGOCIADO DE CONTROL DE INGRESOS

Os informes serán asinados e rubricados en todas as súas páxinas polo Interventor actuante se non son documentos electrónicos. Os funcionarios que participen no proceso fiscalizador asinarán en todos os papeis de traballo confeccionados que sirvan de base ao informe emitido se non son documentos electrónicos. Puidéndose asinar dixitalmente os informes e os papeis mediante o uso dun certificado dixital no documento electrónico que identifique o asinante, día e hora da sinatura.

O devandito informe, que terá carácter provisional, remitirase ao titular da xestión para que no prazo máximo de quince días formalice por escrito as alegacións que estime convenientes, indicándolle que si no devandito prazo non se recibiron, continuaranse as actuacións.

Sobre a base do informe provisional formularase o informe definitivo tendo en conta, no seu caso, as alegacións recibidas. En caso de que non existan alegacións, o devandito informe provisional terá a consideración de definitivo, salvo que pola propia Intervención se efectúen modificacións ao mesmo.

O informe definitivo será remitido á Unidade Xestora responsable e á Presidencia da Deputación. De conter o informe anomalías detectadas na xestión dos ingresos, incluiranse estas no informe previsto no artigo 218 do TRLHL e nas Bases de Execución do Orzamento, con ocasión da tramitación da Conta Xeral.

No informe expresaranse os resultados da fiscalización, expóndose, no seu caso, coa amplitude necesaria, os principais defectos e anomalías atopados que se consideren en relación cos expedientes examinados. Deberán extraerse as conclusións en canto á actuación global da Unidade Xestora en relación aos actos fiscalizados e poderá incluír un apartado de propostas e recomendacións de actuación onde se expresarán, entre as que se consideren necesarias, as medidas correctoras que se propoñen para evitar a repetición destes defectos.

Emitiranse, así mesmo, informes especiais cando na realización do control a posteriori dos dereitos e ingresos públicos se evidencie a posible existencia de supostos contemplados no artigo 177 da Lei Xeral Orzamentaria.

Entrada en vigor

A presente circular será de aplicación aos procedementos de fiscalización que se desenvolvan a partir de 1 de Xaneiro de 2019, con independencia de que os actos a fiscalizar sexan anteriores ou posteriores á devandita data.

Disposición derrogatoria

Queda derrogada, dende a entrada en vigor desta, a Circular para a substitución da fiscalización previa de dereitos pola toma de razón en contabilidade e actuacións comprobatorias posteriores, aprobada pola resolución da presidencia número nº 7/2016 de 04/01/2016 e modificada mediante a resolución número 22648/2017 de 12/07/2017."

Validación de documentos: https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código: 6f6f7bdf569d735d5b69d6b46f671d735f7b6fae3af1eeb6e1ae5e73af77

JOSÉ LUIS ALMAU SUPERVÍA
Data: 26/12/2018 14:02

VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO
Data: 26/12/2018 14:02

DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

INTERVENCION XERAL
SERVIZO DE FISCALIZACIÓN E CONTROL FINANCEIRO
SECCIÓN DE CONTROL II
NEGOCIADO DE CONTROL DE INGRESOS

CONCEPTO	TIPO DE EXPEDIENTE / UNIDAD GESTORA										FISCALIZACIÓN		MUESTREO
	IBI (3515)	IAE (3514)	IVTM (3516)	IIVTNU (3514)	SANCIONES TRÁFICO (9950)	SERVICIO DE RECAUDACIÓN	INSPECCIÓN TRIBUTARIA (3521)	RECURSOS PROPIOS (3513)	TASAS/P.P.	TODOS	Previa	A posteriori	
Actas de inspección tributaria							23-LID					X	MS
Altas IAE		23-LID										X	MS
Altas IBI urbana	23-LID											X	MS
Altas IBI rústica	23-LID											X	MS
Altas IBI características especiales	23-LID											X	MS
Altas IVTM			23-LID									X	MS
Altas IIVTNU				23-LID								X	MS
Altas intereses de demora gestión tributaria										23-LID		X	MS
Altas intereses de demora inspección tributaria							23-LID					X	MS
Altas por reintegro de anuncios de particulares								23-LID				X	MS
Altas por reintegro de subvenciones concedidas								23-LID				X	MS
Altas por reintegro al renunciar a becas provinciales concedidas								23-LID				X	MS
Altas por reintegro anuncios publicados en el BOP								23-LID				X	MS
Altas tasas por servicios en el conservatorio de danza								23-LID				X	MS
Altas recargos por declaración extemporánea sin requerimiento previo		23-LID										X	MS
Altas multas-sanciones no tributarias (recursos propios)								23-LID				X	MS
Altas por sanciones de gestión tributaria (ROE y recursos propios)								23-LID				X	MS
Altas por sanciones de inspección tributaria							23-LID					X	MS
Altas sanciones municipales de tráfico					23-LID							X	MS
Autoliquidaciones IIVTNU				23-LID								X	MS
Autoliquidaciones intereses de demora										23-LID		X	MS
Autoliquidaciones sanciones tributarias de inspección							23-LID					X	MS
Autoliquidaciones de sanciones tributarias de gestión										23-LID		X	MS
Autoliquidaciones de IVTM			23-LID									X	MS
Autoliquidaciones/Altas precio público colegio Calvo Sotelo								23-LID				X	MS
Autoliquidaciones/Altas precio público Pazo								23-LID				X	MS

JOSÉ LUIS ALMAU SUPERVÍA
Data: 26/12/2018 14:02

VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO
Data: 26/12/2018 14:02

DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

INTERVENCION XERAL
SERVIZO DE FISCALIZACIÓN E CONTROL FINANCEIRO
SECCIÓN DE CONTROL II
NEGOCIADO DE CONTROL DE INGRESOS

Mariñán													
Autoliquidaciones/Altas tasas por alcantarillado y agua del polígono de Sabón								23-LID				X	MS
Autoliquidaciones/Altas tasas por inserción de anuncios en el BOP								23-LID				X	MS
Autoliquidaciones/Altas tasas servicios hogar infantil Emilio Romay								23-LID				X	MS
Autoliquidaciones/Altas tasas servicios hogar infantil Ferrol								23-LID				X	MS
Autoliquidaciones multas/sanciones no tributarias								23-LID				X	MS
Autoliquidaciones multas/ sanciones tributarias (recursos propios)								23-LID				X	MS
Autoliquidación tasas autorización vías provinciales								23-LID				X	MS
Autoliquidación tasa expedición documentos y derechos								23-LID				X	MS
Autoliquidación tasas servicio conservatorio de danza								23-LID				X	MS
Beneficios fiscales	4-BB,4-XB	4-BA	4-BF						4-ET			X	MS
Bajas IAE		18-RO										X	MS
Bajas IBI urbana	18-RO											X	MS
Bajas IBI rústica	18-RO											X	MS
Bajas IBI características especiales	18-RO											X	MS
Bajas IIVTNU				18-RO								X	MS
Bajas IVTM			18-RO									X	MS
Bajas intereses de demora										18-RO		X	MS
Bajas recargos por declaración extemporánea sin requerimiento previo		18-RO										X	MS
Bajas sanciones gestión tributaria										18-RO		X	MS
Bajas sanciones de inspección tributaria							18-RO					X	MS
Bajas por multas/sanciones no tributarias								18-RO				X	MS
Bajas por reintegro de anuncios particulares								18-RO,6-TP				X	MS
Bajas por tasas del conservatorio de danza								18-RO,6-TP				X	MS
Bonificaciones IVTM			4-BF									X	MS
Bonificaciones IAE		4-BA										X	MS
Compensaciones correspondientes a Devoluciones ingresos tramitadas por la Sección de Revisión del Servicio de Recaudación						5-CM					X		N/A
Declaración de deudores fallidos(datas de						18-RO						X	MS

DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

INTERVENCION XERAL
SERVIZO DE FISCALIZACIÓN E CONTROL FINANCEIRO
SECCIÓN DE CONTROL II
NEGOCIADO DE CONTROL DE INGRESOS

recaudación)													
Derivaciones de responsabilidad tributaria						21-SB,21-SC,21-SL						X	MS
Devolución ingresos indebidos							17- RX, 14- RI			7-PI		X	MS
Devoluciones ingresos duplicados tramitados por la Sección de Revisión del Servicio de Recaudación						7-PD						X	MS
Fraccionamientos/Aplazamientos										5-SF,5-SS		X	MS
Padrón de IAE		23-RB										X	MS
Padrón IBI urbana	23-RB											X	MS
Padrón IBI rústica	23-RB											X	MS
Padrón IBI características especiales	23-RB											X	MS
Padrón de IVTM			23-RB									X	MS
Prescripción de derechos											X		N/A
Prorrateos de cuotas		7-PA	7-PV									X	MS
Recursos sobre actuaciones recaudatorias						6-PA,6-PE, 6-OT					X		N/A
Recursos de reposición de Gestión Tributaria	6-BI,6-IU	6-AC,6-IAE	6-VE	6-PV					6-TP	6-OT		X	MS
Recursos de reposición sobre sanciones tráfico					8-RR, 6-ST							X	MS
Tercerías de derecho y dominio						6-CE					X		N/A

NOTAS

MUESTREO	
MS	Simple
ME	Estratificado
N/A	No aplicable

ASUNTO: Fiscalización a posteriori dos Recursos Propios da Deputación e dos Recursos doutros Entes Públicos cuxa xestión foi delegada polos concellos da provincia nesta deputación, correspondentes ao exercicio 2021 e remisión dos expedientes correspondentes.

Nº EXPEDIENTE SUBTEL: 2022000050381

REFERENCIA PLAN CONTROL FINANCEIRO INTERNO: 20221690

UNIDADE: Orzamentos e Estudos Económicos

INFORME DE FISCALIZACIÓN

1. Lexislación aplicable:

- Artigos 214, 219 e 222 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.

- Apartado 2 da base 34ª das Bases de execución do Orzamento para o exercicio 2021.

- Resolución da Presidencia nº 45329 de 26/12/2018 (de aplicación aos procedementos de fiscalización que se desenvolvan a partir de 1 de Xaneiro de 2020, con independencia de que os actos a fiscalizar sexan anteriores ou posteriores á devandita data), pola que se aproba a "Circular para a substitución da Fiscalización previa de dereitos pola toma de razón en contabilidade e actuacións comprobatorias posteriores" que establece a fiscalización a posteriori polos procedementos de mostraxe que se determinen pola Intervención Xeral, previa toma de razón en contabilidade, das liquidacións de contraído previo, ingreso directo e da anulación de liquidacións referidas a recursos propios da deputación e a tributos cuxa xestión foi delegada polos Concellos da provincia na Deputación Provincial.

2. Informe:

En aplicación da lexislación citada e mediante un procedemento de mostraxe aleatoria simple, tendo en conta os dous exercicios anteriores e os erros cometidos neles, no seu caso, procedeuse á selección das liquidacións e expedientes de cada un dos conceptos que forman a mostra:

- Altas, autoliquidacións, baixas e beneficios fiscais correspondentes aos diferentes conceptos do orzamento de ingresos da Deputación: **Recursos Propios** (ER,RN,MN,AD,GX,RB,BO,PK,AV,IS,RC,HF, HE, RP,BB,RR,RK,FE,PM,DE,SX,EM,AP,RI,RO,HI,PC e AI)
- Padrón, altas, baixas e beneficios fiscais do Imposto de Actividades Económicas: **IAE** (IA)
- Padrón, altas, baixas e beneficios fiscais do Imposto de Bens Inmobles (Urbana, Rústica e Características Especiais): **IBI** (IU, IR, BI)
- Padrón, altas, autoliquidacións, baixas e beneficios fiscais do Imposto de Vehículos de Tracción Mecánica: **IVTM** (IV)

- Altas, autoliquidacións e baixas do Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana: **IIVTNU** (VT)
- Baixas por insolvencia e declaración de crédito incobrable (Falidos): **DATAS RECADACIÓN** (MN,XM,RN,AV,GX,RE,RR,IV,RX,IU,DE,IA,AP,EM,SX,BI,VT,IR,ML)
- Sancións Municipais de Tráfico e Recursos interpostos contra as mesmas: **TRÁFICO** (ML, RR, ST)
- Altas, autoliquidacións, baixas, beneficios fiscais correspondentes a **Taxas e outros expedientes derivados de tributos municipais** de Recursos doutros Entes: **ROE** (XM, RE, GX, SX, ID, TS, Aprazamentos e Fraccionamentos, Devolución de Ingresos Indebidos, Devolucións Derivadas da Normativa de Cada Tributo (Prorrateos Cotas IAE, IVTM, IIVTNU), Recursos de Reposición contra os actos de aplicación e efectividade dos Tributos e restantes Ingresos de Dereito Público de Xestión e Inspección Tributaria, Tercerías de Dereito e de Dominio)

En total, dun universo de **1.313.007 expedientes**, foron revisados un total de **120 expedientes** (105 de recursos doutros entes públicos cuxa xestión foi delegada polos concellos da provincia nesta deputación e 15 de recursos propios da Deputación)

Detállanse no ANEXO 1 os parámetros estatísticos e no ANEXO 2 os resultados obtidos.

Como consecuencia dos traballos de fiscalización a posteriori, emitíronse os informes definitivos relativos a cada un dos conceptos que se atopan nos expedientes correspondentes na plataforma subtel:

DESCRIPCION	Nº EXPEDIENTE SUBTEL
IBI	2022000022141
IAE	2022000022144
IIVTNU	2022000022145
IVTM	2022000022146
Baixas por insolvencia e declaracións de crédito incobrable / Fallidos - DATAS RECAUDACIÓN	2022000022148
Sancións municipais de tráfico	2022000022149
Taxas e outros expedientes derivados de tributos municipais (ROE)	2022000022150
Recursos propios (RRPP)	2022000022152

3. Conclusión:

Os actos de xestión e inspección revisados, así como os de recadación, non presentan erros e axústanse ao ordenamento xurídico e tributario de aplicación, polo que é obrigado parabenizar aos servizos de Xestión Tributaria, Inspección Tributaria e Recadación polo gran traballo realizado, o elevado número de expedientes tramitados ao longo do exercicio e o alto grao de eficacia e eficiencia obtido.

Remítese a esa unidade de Orzamentos e Estudos Económicos para dar conta á Comisión de Economía, Facenda e Especial de Contas, o presente informe de fiscalización a posteriori do exercicio 2021 dos conceptos relacionados no apartado 2 do presente informe, referidos tanto aos recursos propios da Deputación Provincial da Coruña como aos tributos cuxa xestión foi delegada polos Concellos da provincia nesta deputación.

ANEXO 1

ejercicio	concepto	Descripción	universo	Tamaño muestra	porcen_error
2021	1	BAIXAS RECADACIÓN	2.827	15	0,5
2021	2	TASAS E OUTROS EXPEDIENTES DERIVADOS DE TRIBUTOS MUNICIPAIS	43.102	15	0,5
2021	3	RECURSOS PROPIOS	7.893	15	0,5
2021	4	IIVTNU	14.849	15	0,5
2021	5	TRÁFICO	25.966	15	0,5
2021	6	IBI	780.307	15	0,5
2021	7	IAE	7.759	15	0,5
2021	8	IVTM	430.304	15	0,5
		TOTAL	1.313.007	120	

ANEXO 2

CUADRO RESUMEN FISCALIZACIÓN A POSTERIORI DE RECURSOS PROPIOS E RECURSOS DOUTROS ENTES DO EXERCICIO 2021

OBXETO DA FISCALIZACIÓN		EXPEDIENTES GTT	Nº TOTAL DE EXPEDIENTES: UNIVERSO (N)	Nº EXPTES. FISCALIZADOS: MOSTRA (n)	INTERVALO (N/n)	Nº EXPTES. CON ERRO	% DE ERRO (P)	Nº VALOR / EXPEDIENTE CON ERROR
RECURSOS DOUTROS ENTES (ROE)	101-IAE	IA	7.759	15	517	0	0,00%	
	110-IBI	IU,BI,IR	780.307	15	52020	0	0,00%	
	105-IVTM	IV	430.304	15	28687	0	0,00%	
	106-IIVTNU	VT	14.849	15	990	0	0,00%	
	35-DATAS RECAUDACIÓN	MN,XM,RN,AV,GX,RE,RR,IV,RX,IU,DE,IA,AP,EM,SX,BI,VT,IR,ML	2.827	17	166	0	0,00%	
	109-TRÁFICO	ML	25.966	15	1731	0	0,00%	
	122-ROE (Tasas y otros exptes)	XM,RE,GX,SX,ID,TS	43.102	13	3316	0	0,00%	
	RESUMEN ROE		**1.305.114**	**105**	**---**	**0**	**0,00%**	
RECURSOS PROPIOS (RP)	123-RP	ER,RN,MN,AD,GX,RB,BO,PK,AV,IS,RC,HF,RP,BB,RR,RK,FE,PM,DE,SX,EM,AP,RI,RO,HE,PC,AI	7.893	15	526	0	0,00%	
	RESUMEN RP		**7.893**	**15**	**---**	**0**	**0,00%**	
			1.313.007	**120**	**---**	**0**	**0,00%**	

ASUNTO**:** Informe **definitivo** de fiscalización a posteriori dos expedientes relativos ás liquidacións correspondentes a diversos conceptos do orzamento de ingresos da Deputación **(Recursos Propios)** efectuadas durante ou **exercicio 2021**

UNIDADE**:** VICETESOUREIRA

Nº EXPEDIENTE: 2022000022152

I. OBXECTO DO INFORME

Ou presente informe ten por obxecto a fiscalización a posteriori dos expedientes relativos ás liquidacións correspondentes aos conceptos do orzamento de ingresos da Deputación (recursos propios), relativas ao exercicio 2021, que se citan a continuación:

31100 (HE)	TAXAS POR SERVIZOS H.I. EMILIO ROMAY
31101 (HF)	TAXAS POR SERVIZOS H.I. FERROL
31200 (EM)	TAXAS POR SERVIZOS CONSERVATORIO P. DE DANZA
32500, 32501 (DE)	TAXAS POR EXPEDICIÓN DE DOCUMENTOS ADMINISTRATIVOS E TAXAS DEREITOS EXAME
32900 (BO)	TAXAS POR INSERCIÓN ANUNCIOS BOP
33900 (AV)	TAXA POLA AUTORIZACIÓN DE UTILIZACIÓNS PRIVATIVAS E APROVEITAMENTOS ESPECIAIS EN VÍAS PROVINCIAIS
34200 (PC)	PREZO PUBLICO CTRO. RESID. DOCENTE CALVO SOTELO
34201 (PK)	PREZO PUBLICO INSTALACIÓNS AULAS CALVO SOTELO
34300 (BB)	PREZO PUBLICO INSTALACIÓNS POLIDEPORTIVAS CALVO SOTELO (1)
34400 (CH)	PREZO PUBLICO TEATRO COLÓN (1)
34900 (PM)	PREZO PÚBLICO POR SERVIZO INSTALACIÓNS PAZO DE MARIÑÁN
38900 (RB)	REINTEGRO RENUNCIA BOLSAS PROVINCIAIS (1)
38901 (RR)	REINTEGRO SUBVENCIÓNS CORRENTES CONCEDIDAS (1)
38903 (RN)	REINTEGRO IMPORTE ANUNCIO A CARGO PARTICULARES
38999 (RI)	OUTROS REINTEGROS DE OPERACIÓNS CERRADAS / REINTEGRO DE PAGOS INDEBIDOS EXERCICIOS ANTERIORES (1)
39110 (GX) (SX)	MULTAS POR INFRACCIÓNS TRIBUTARIAS E ANÁLOGAS (1)
39190 (MN)	OUTRAS MULTAS E SANCIÓNS
39300 (XM)	XUROS DE MORA (1)
39200 (RE)	RECARGAS ART. 27 LXT (2)
39901 (IS)	INDEMNIZACIÓNS
39999 (RC)	REINTEGROS DE PAGOS INDEBIDOS EXERCICIO CORRENTE (1)
68000 (RO)	REINTEGRO DE INVESTIMENTOS DE EXERCICIOS CERRADOS (1)
68099 (RK)	REINTEGROS DE CAPITAL DE EXERCICIOS CERRADOS
83100 (RP)	REINTEGROS DE PAGAS CONCEDIDAS AO PERSOAL (1)

(1) Non saíron seleccionados na mostra do 2020.

(2) Este concepto inclúese na mostra de Recursos Propios, pero o resultado da fiscalización recóllese no correspondente informe dos Recursos doutros entes públicos (ROE).

II. NORMATIVA XERAL APLICABLE

1. Artigos 213 e seguintes do TRLRHL:

- **Art. 214 TRLRHL:***"1. A función interventora terá por obxecto fiscalizar todos os actos das entidades locais e dos seus organismos autónomos que dean lugar ao recoñecemento e liquidación de dereitos e obrigacións ou gastos de contido económico..., co fin de que a xestión se axuste ás disposicións aplicables en cada caso.*
  2. O exercicio da expresada función comprenderá:
  a) A intervención crítica ou previa de todo acto, documento ou expediente susceptible de producir dereitos ou obrigacións de contido económico..."

- **Art. 219.4º TRLRHL:***"4. As Entidades Locais poderán determinar, mediante acordo do Pleno, a substitución da fiscalización previa de dereitos pola inherente á toma de razón en contabilidade e por actuacións comprobatorias posteriores mediante a utilización de técnicas de mostraxe ou auditoría".*

- **Art. 222 TRLRHL:***"Os funcionarios que teñan ao seu cargo a función interventora, así como os que se designen para levar a efecto os controis financeiro e de eficacia, exercerán a súa función con plena independencia e poderán solicitar cuantos antecedentes consideren necesarios, efectuar o exame e comprobación dos libros, contas e documentos que consideren precisos, verificar arqueos e recontos e solicitar de quen corresponda, cando a natureza do acto, documento ou expediente que deba ser intervido requírao, informes técnicos e asesoramentos que estimen necesarios."*

2. Bases de execución do Orzamento:

Base 35ª, apartado 2: *"Así mesmo, en materia de ingresos públicos, tanto propios da Deputación provincial como os que se xestionan e/ou recaden por expresa delegación doutros entes públicos, substitúese a fiscalización previa de dereitos pola inherente á toma de razón en contabilidade e por actuacións comprobatorias posteriores mediante a autorización de técnicas de mostraxe ou auditoría. A devandita substitución realizarase con carácter xeral e sen prexuízo de continuar coa fiscalización previa naqueles supostos en que se considere necesario. Mediante resolución da Presidencia determinaranse en concreto os actos de xestión en que proceda a fiscalización a posteriori, así como o procedemento, informes, técnicas de mostraxe e todos aqueles aspectos necesarios para o desenvolvemento da devandita fiscalización posterior. Resultará de aplicación a resolución da Presidencia número 4.214 do 6 de marzo de 2012, ata a súa modificación ou derrogación expresa."*

3. Resolución da Presidencia núm. 2018/45329 de 26/12/2018 (con data de entrada en vigor o 1 de xaneiro de 2019), pola que se aproba a *"Circular para a substitución da Fiscalización previa de dereitos pola toma de razón en contabilidade e actuacións comprobatorias posteriores"* que establece a fiscalización a posteriori polos procedementos de mostraxe que se determinen pola Intervención Xeral, previa toma de razón en contabilidade, das liquidacións de contraído previo, ingreso directo e da anulación de liquidacións referidas a tributos cuxa xestión foi delegada polos Concellos da provincia na Deputación Provincial.

4. Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

5. Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria

6. Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais

7. Real Decreto 1065/2007, do 27 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral das actuacións e os procedementos de xestión e inspección tributaria e de desenvolvemento das normas comúns dos procedementos de aplicación dos tributos

8. Ordenanza Fiscal Xeneral da Deputación

9. Ordenanzas reguladoras das distintas taxas e prezos públicos da Deputación

III. ALCANCE DO EXAME A REALIZAR

Os datos xenéricos dos expedientes obxecto de fiscalización a que se refire o presente informe son os seguintes:

- Unidades Xestoras: Servizo de Xestión Tributaria, Servizo de Inspección Tributaria, Tesourería e Recadación.
- Tipo de Expedientes: liquidacións, autoliquidacións, padrón e baixas correspondentes aos conceptos do orzamento de ingresos citados non apartado I deste informe tramitadas a través de GTT
- Período considerado: Exercicio 2021
- Universo: 7.893
- Mostra: 15

IV. DETERMINACIÓN DOS EXPEDIENTES A EXAMINAR

Mediante un procedemento de mostraxe aleatoria simple, tendo en conta os dous exercicios anteriores e os erros atopados neles, procedeuse á selección das liquidacións e expedientes dos padróns fiscais e das altas e baixas que forman a mostra.

Detállase non ANEXO 1 os parámetros estatísticos e os resultados obtidos no proceso de mostraxe e no ANEXO 2 a listaxe das liquidacións seleccionadas.

V. CONCLUSIÓNS DO EXAME REALIZADO

A) A fiscalización para cada tipo de expediente consiste en verificar **os seguintes extremos**:

■ **Taxa por servizos Fogar Infantil Emilio Romay (HE):**

Mediante RP núm. 10909 do 22/03/2021 aprobouse unha prórroga para o ano 2021 do convenio coa Xunta de Galicia para a atención de menores no Fogar Infantil Emilio Romay, cunha reserva de 25 prazas e unha aportación da Xunta de Galicia de 325.904,85 euros, que se liquidará por trimestres naturais. A liquidación revisada correspóndese co terceiro trimestre de 2021 .

■ **Taxa do Fogar Infantil de Ferrol (FE):**

Existe convenio entre a Deputación Provincial de A Coruña e o Concello de Ferrol de 19/04/1995, modificado pola RP 6104 de 31/03/2000, as tarifas actualizáronse co IPC xeral de 2020. Na actualidade estase tramitando un novo convenio.

■ **Taxa por servizos non conservatorio de danza (EM):**

□ Que consta no expediente a solicitude de matrícula

□ Que se aplica a tarifa correcta segundo sexa a mensual ou a matrícula

□ Para aqueles casos nos que ao practicar a liquidación ou autoliquidación se tiveron en conta beneficios fiscais, comprobouse o expediente relativo aos mesmos (que foi obxecto de fiscalización previa) e que os ditos beneficios foron aprobados por resolución da presidencia.

■ **Taxa por expedición de documentos, actividades administrativas e dereitos de exame (DE):**

Algunhas destas autoliquidacións, practicadas por Tesourería, Contabilidade e polas Zonas Recadatorias, non comportan expediente físico, polo que se revisan directamente a través de GTT e, non seu caso, da plataforma de contratación.

□ Que a tarifa aplicada é a correcta segundo a base de imposición (tipo de documento que se expide, nº de documentos expedidos, dereito de exame segundo grupo de titulación para o que se solicita o acceso, importe do contrato)

□ Que se aplicaron, non seu caso, os beneficios fiscais correspondentes

■ **Taxa publicación anuncios BOP (BO):**

Todas as liquidacións fiscalizadas practícanse a través do boletín electrónico, polo que se utiliza o programa informático que engade directamente o nº de carácteres de cada anuncio polo que a tarificación se realiza en función do número dos devanditos carácteres.

Comprobouse, entre outros aspectos:

□ Que o anuncio foi efectivamente publicado,

□ Que a tarifa que se aplica é a correspondente ao momento do pagamento da taxa (publicación non BOP),

□ Que se aplicou a tarifa correcta segundo a base de imposición: nº de carácteres, superficie das imaxes e modo de remisión do texto que se vai a publicar (firma electrónica, xustificante electrónico ou papel)

■ **Taxa pola autorización de utilizacións privativas e aproveitamentos especiais en vías provinciais (AV):**

□ Que se trata de vías provinciais
□ Que se produce o feito impoñible descrito na ordenanza
□ Que consta no expediente:
- a solicitude-declaración de autorización da obra
- o informe do Servizo de Vías e Obras
- a autorización do presidente para a realización da mesma
□ Que se aplicou a tarifa correspondente en función do orzamento da obra, tendo en conta, non seu caso, a taxa mínima.

■ **Prezo público por servizos non Centro Residencial Docente Calvo Sotelo (PC):**

□ Que se aplicaron as tarifas actualizadas

□ Para aqueles casos nos que ao practicar a liquidación ou autoliquidación se tiveron en conta beneficios fiscais, comprobouse o expediente relativo aos mesmos (que foi obxecto de fiscalización previa) e que os ditos beneficios foron aprobados por resolución da presidencia.

■ **Prezo público polo uso das instalacións do Centro Calvo Sotelo (PK):**

□ Que existe autorización do presidente para a utilización das instalacións do Centro Calvo Sotelo

